

FOLLAS NOVAS (ILUSTRADO)



| | |
|-----------------------|---------------------|
| Lengua: | GALLEGO |
| Categoría: | Literatura |
| Nº de páxinas: | 216 págs. |
| Autor: | ROSALIA DE CASTRO |
| ISBN: | 9788493943424 |
| Año edición: | 2012 |
| Editorial: | EL PATITO EDITORIAL |

[FOLLAS NOVAS \(ILUSTRADO\).pdf](#)

[FOLLAS NOVAS \(ILUSTRADO\).epub](#)

Novo volume integrado na colección promovida por El Patito Editorial, que recupera a poesía dunha muller tan fóra das convencións do seu tempo e tan universal como Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885) en edicións ilustradas por senlleiros artistas. Esta nova entrega, cuxa edición coincide coa celebración en 2012 do 175 aniversario do nacemento da autora, vai dedicada a Follas novas, poemario de gran fondura e riqueza expresiva que supuxo a consagración definitiva da padronesa nas letras galegas. Nestes poemas, Rosalía convértese en cronista comprometida dos problemas da súa época, centra a súa atención nas mulleres desde unha ollada radicalmente moderna e íspese a si mesma, íntima e melancólica.

As ilustracións de Álvaro de la Vega (Paradela, 1954) afondan e dialogan cos diferentes rexistros manexados por Rosalía, nun percorrido que traduce en imaxes a súa melancolía, a súa ironía ou a súa rebeldía, revelando, unha vez máis e con grande acerto, o alcance universal e a vixencia das súas creacións.